



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 11 DE XULLO DE 2014

- 1.- Ratificación da urxencia da sesión.**
- 2.- Aprobación de actas de sesións anteriores.**
- 3.- Proposta da Alcaldía relativa a delegación de competencias da Xunta de Goberno.**

4.- Recepción de obras.

Unha vez que os Directores Técnicos destas obras emitiron informe no que recollen que as mesmas foron executadas de acordo ao establecido, a XGL autorizou o inicio dos trámites para proceder á recepción das seguintes obras:

- Obras de reparación e mantemento da Oficina de Turismo de San Lázaro.
- Execución das obras de ampliación da rede de saneamento no lugar de Silvouta.
- Subministración e instalación de equipamento para a creación dunha Área de xogos infantís na Praza de Galicia.
- Subministración e instalación de equipamento para a creación dunha Área de xogos infantís e mellora dos axardinamentos na Praza de Vigo.

5.- Proposta da Concelleira Delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.

A proposta da Concelleira de Benestar Social a XGL aprobou conceder diversas axudas de carácter social do Programa MAPIS (Medidas de Apoio Para a Inclusión Social). En concreto 16 axudas para manutención por un importe de 16.787,90 €, 7 axudas para alugueiro por importe de 4.245 €, dúas axudas para gastos de actividades por importe de 315,36 € e unha para gastos excepcionais por importe de 201,39 €.

6.- Proposta da concelleira delegada de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación do "Proxecto de mellora da mobiliade e accesibilidade do barrio de Vista Alegre. Fase II-Ámbito zona III e tunel Rúa de Noia".

O 26 de setembro de 2013 a XGL aprobou o Proxecto denominado Mellora da mobilidade e accesibilidade do barrio de Vista Alegre. Neste proxecto establecéronse ámbitos de actuación funcional e constructivamente independentes o que permite a súa execución en distintas fases. Neste caso atopámonos diante do Proxecto de mellora da mobilidade e accesibilidade do barrio de Vista Alegre Fase II-Ámbito zona III e tunel Rúa de Noia co que o Concello completa as obras de reurbanización do Barrio de Vista Alegre conforme ao proxecto aprobado o pasado mes de setembro e que ten un importe de licitación de 1.015.867,42 € IVE incluído e que terá un período de execución de 10 meses.

7.- Proposta da concelleira delegada de Economía, Emprego, Comercio, Turismo e Mercados relativa á aprobación e publicación da convocatoria de axudas para a creación de novas empresas ou a posta en marcha de novas liñas de negocio e ferramentas de xestión empresarial "Urbana Santiago Norte 2014".

A XGL tivo a ben resolver a aprobación e publicación da convocatoria de axudas para a creación de novas empresas ou a posta en marcha de novas liñas de negocio e ferramentas de xestión empresarial "Urbana Santiago Norte 2014". Esta acción contará cun orzamento de 30.000 €.

8.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á aprobación da concesión directa da subvención prevista no convenio entre o Concello e o CLUB TRIATLÓN SANTIAGO. ANO 2014

9.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á aprobación da concesión directa da subvención prevista no convenio entre o Concello e o CLUB ARTEAL TENIS DE MESA. ANO 2014.

10.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á aprobación da concesión directa da subvención prevista no convenio entre o Concello e a SOCIEDADE DEPORTIVA COMPOSTELA. ANO 2014.

Destes convenios o de maior entidade é o da Sociedade Deportiva Compostela, equipo histórico da cidade, e que terá unha achega municipal que ascende á cantidade de 45.000 €. Doutra banda aprobáronse tamén dous convenios máis con outros tantos clubs: o Club Triatlón Santiago cunha achega municipal de 11.000 €; finalmente ao Clube Arteal Tenis de Mesa, tamén 11.000 €.

11.- Proposta da concelleira delegada de Normalización Lingüística relativa á resolución do II Concurso de proxectos de publicidade comercial en galego.

Unha vez se levantou acta da reunión do xurado do II Concurso de proxectos de publicidade comercial en galego e á vista do informe emitido polo Departamento de Lingua Galega con data 8 de xullo, a XGL aprobou adxudicar o premio ao proxecto Xeitos presentado por Manuel Mahia para a Librería Couceiro.

12.- Servizo de actualización da cartografía SIG de referencia municipal a escala 1:500 no ámbito da Cidade e escala 1:1000 no resto do termo municipal de Santiago de Compostela.

A XGL aprobou a adxudicación deste servizo á empresa Trabajos Catastrales S.A.U. que realizará estes traballos durante os anos 2014 e 2015 por un importe de 99.825 € (IVE incluído). Nesta ocasión presentáronse catro empresas a este concurso que tiña un tipo de licitación de 100.000 € IVE incluído.

13.- Asistencia técnica para a redacción dos Plans parciais dos Sectores SUD-1 MALLOU, SUD-2 CANCELAS-A MUIÑA, SUD-3 AMIO NORTE, SUD-5 AMIO SUR e do Plan Especial PU-16 MALLOU-CANCELAS e sistema xeral viario CANCELAS-AMIO (treito camiño de Amio-Porto do Medio).

A XGL de 26 de decembro de 2005 adxudicou este contrato á Oficina de Planeamento S.A. polo importe de 303.000 € máis IVE. Posteriormente o 5 de novembro de 2007 a XGL aprobou unha modificación de 90.900,02 € máis IVE. A día de hoxe quedan por executar as fases 3ª, 4ª e 5ª do contrato inicial, o 30% do presuposto de adxudicación, o que supón unha cantidade de 118.170,01 €. A situación é que a aprobación dos citados plans parciais implicaría para o Concello a carga de solo que resulte cualificado para o uso de vivenda protexida en solo de promoción pública, non existindo neste momento consignación orzamentaria para afrontar o pagamento da expropiación dos bens e dereitos afectados. Doutra banda a situación do mercado inmobiliario actual e moi incerta o que pon en dúbida o desenvolvemento do solo. Nesta situación aconséllase desistir do procedemento de aprobación do planeamento por motivos de interese público polo que no día de hoxe a XGL aprobou a resolución de mutuo acordo do contrato de consultoría e asistencia técnica para a redacción destes plans.

14 a 31.-Propostas relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, imposto sobre vehículos de tracción mecánica, imposto sobre bens inmobles.

32.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á concesión de exencións na taxa pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

33.- Propostas da alcaldía relativas á denegación de exención no imposto sobre bens inmobles.

34.- Proposta da alcaldía relativa ao rexeitamento de recurso de reposición.

A proposta da Alcaldía e unha vez visto o Informe da Sección de Xestión Tributaria a XGL acordou rexeitar o recurso de reposición presentado pola Fundación Torrente Ballester en relación coa aplicación a esta entidade da exención no IBI.

35.- Proposta da alcaldía relativa á designación de supervisor municipal dos traballos obxecto do contrato de Proxecto técnico de mellora e acondicionamento das instalacións do Parque de Bombeiros e mellora da súa eficiencia enerxética.

En relación ao proxecto que mellorará a iluminación e eficiencia enerxética do Parque de Bombeiros a XGL acordou designar ao técnico municipal D. Pedro Sánchez Mariño para que supervise os traballos que se van a levar a cabo nesta instalación municipal.

36.- Proposta da alcaldía relativa a corrección de erro no asunto nº 26 de sesión de data 12.6.14.

37.- Proposta da alcaldía relativa a corrección de erro no asunto nº 27 de sesión de data 12.6.14.

38.- Proposta da alcaldía relativa a corrección de erro no asunto nº 36 de sesión de data 19.6.14.

Nos puntos 36 a 37 a XGL aprobou engadir aos acordos sobre renovación de contratos de alugueiros de oficinas municipais que o período de revisión do IPC será de maio de 2013 a maio de 2014 para os locais de Contratación e de xuño 2013 a xuño 2014 para o local de Recadación.

39.- Proposta da alcaldía relativa á aprobación do texto do Convenio Marco Camino Cultural Atlántico.

A Xunta de Goberno Local da Cidade de Santiago de Compostela aprobou o Convenio Marco Camino Cultural Atlántico.

Coas accións que se realizarán a través do mesmo fortaleceremos a posición da nosa cidade a nivel internacional xunto coas cidades atlánticas que o suscriben que son: Burdeos, Bayona, Biarritz, San Sebastián, Bilbao, Santander, Gijón/Xixón, Oviedo, Avilés, A Coruña, Santiago de Compostela, Vigo, Braga, Guimarães e Oporto e que forman parte dun espazo de referencia dentro de Europa vinculado aos itinerarios culturais e turísticos.

Dende o pasado ano 2013 mantivéronse diferentes reunións que tiveron lugar en Santander, Oviedo e Gijón, e a través de conversacións entre os alcaldes das cidades que agora se integran neste Camiño Cultural Atlántico. A sinatura do convenio realizarase o próximo 15 de xullo na cidade de Bilbao.

40.- Proposta da concelleira delegada de Familia, Educación, Muller e Igualdade, Benestar Social e Maiores relativa á aprobación da concesión de subvención ao Concello de Santiago.

Deuse conta á XGL da concesión dunha subvención da Deputación da Coruña por importe de 3.000 € para a financiación do Programa ACTIVAMENTE co que o Concello de Santiago leva a cabo as accións para as persoas maiores dentro das medidas de envellecemento activo para o ano 2014.

41.- Aprobación do proxecto básico e de execución de creación do campo da festa e pista polideportiva.

Con data 3 de xullo de 2014 a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia resolve autorizar as obras reflectidas no proxecto básico e de execución de acondicionamento dunha zona de descanso para peregrinos, parque público e parque infantil.

Tamén foi autorizada a realización destas obras por parte do ADIF o que permite que a XGL de hoxe aprobe o proxecto para poder comezar co procedemento de contratación e se poidan executar as obras á maior brevidade posible.

Esta primeira actuación forma parte dun conxunto de tres intervencións programadas polo Goberno Local para a mellora da calidade de vida dos veciños de Angrois.

Para esta obra haberá un orzamento de 151.887,79 € e terá un período de execución de 3 meses.

42.- Aprobación do proxecto básico e de execución de acondicionamento dunha zona de descanso para peregrinos, parque público e parque infantil.

Esta segunda actuación en Angrois suporá a instalación neste lugar dunha zona de descanso para peregrinos, parque público e parque infantil.

Ademáis crearase unha zona de equipamentos biosaudables e unha zona de descanso que contará cun conxunto de pezas de mobiliario urbano realizado en granito pola Escola de Canteiros coma Servizo da Deputación de Pontevedra e rendirá permanentemente homenaxe os veciños de Angrois.

Este proxecto terá un orzamento de 99.877,13 € IVE incluído e terá un período de execución de 3 meses.

43.- Petición de ampliación de horario de peche ASOCIACIÓN HOSTELERÍA COMPOSTELA para determinadas datas.

A XGL aprobou remitir á Xunta de Galicia a información pertinente para que autorice a ampliación por unha hora do horario de peche da Hostelería de Compostela para a festividade do Apóstolo do 18 ao 31 de xullo e para a festividade de San Roque do 14 ao 17 de agosto de 2014.